



RECOMENDACIÓNS

- ▶ Suspenda o consumo de tabaco alomenos durante as 48 horas previas á intervención.
- ▶ Non tome ningún alimento nin bebida dende 6 horas antes ao horario previsto da intervención. A última comida será lixeira e sen graxas nin alcol. Se a súa intervención se atrasase, non tome nada sen o coñecemento da súa enfermeira/o, encargada/o de planta.
- ▶ Siga as indicacións do anestesiólogo/a ou do seu médico/a responsable en canto ás medicacións que toma de xeito crónico (confirmeo coa/o enfermeira/o ao seu ingreso).
- ▶ Pasará a quirófano sen aneis, medallas, cadeas, reloxo, pendentes, piercings, maquillaxe, esmalte de uñas, etc.
- ▶ Retire próteses dentais, móbiles, lentes de contacto, audífonos...
- ▶ Non deixe obxectos de valor na habitación.
- ▶ Na área de quirófano, siga as instrucións que lle facilite o seu anestesiólogo/a e pregunte as dúbidas que poidan xurdirlle.
- ▶ Ao terminar a intervención permanecerá un tempo variable nunha Sala de recuperación e/ou reanimación. Siga as recomendacións que lle indique o persoal médico e de enfermaría.
- ▶ No caso de que o seu procedemento sexa ambulatorio ou hospital de día, siga as instrucións específicas que lle indicaron ou informaron para o devandito procedemento.

**POR FAVOR, CONSULTE O QUE NON
COMPRENDA**

Grazas pola súa colaboración

Coa presente folla informativa, poñemos no seu coñecemento que a inclusión na lista de espera e no parte de quirófano significa a libre aceptación do risco común a todo acto anestésico cirúrxico, do cal ten dereito a ser informado/a polo seu cirurxián/a e anestesiólogo/a.

Na consulta de anestesia, o/a médico/a anestesiólogo/a valorarao, informarlle dos seus riscos e daralle o consentimento específico para a anestesia segundo a normativa vixente, quedándose vostede cunha copia do mesmo. No documento, reflíctese a descrición dos diferentes tipos de anestesia e os seus posibles efectos e complicacións máis frecuentes.

O seu equipo médico agradécelle de antemán a súa total colaboración



Área Sanitaria da Coruña e Cee



**Información
importante para vostede**

Lea atentamente
Grazas



**SERVIZO DE
ANESTESIOLOXÍA,
REANIMACIÓN E DOR**

Consulta de preanestesia

ADULTOS



▶ Coa información que lle facilitamos e as indicacións do noso equipo asistencial, pretendemos que poida acudir a quirófano con tranquilidade, sen temor á anestesia e disposto a colaborar connosco.



Área Sanitaria da Coruña e Cee



Obxectivo e beneficio da anestesia

Preténdese lograr as condicións adecuadas e seguras durante a intervención que permitan a súa realización sen dor.

Consecuencias previsibles da súa realización ou non

Permitirá realizar o procedemento, asumindo determinados riscos inherentes a cada técnica anestésica. Na consulta informaranlle e describirán o proceso e facilitaránlle o documento para que asine o seu consentimento.

Sen anestesia non se poden realizar a maioría das intervencións e tampouco certos procedementos diagnósticos ou tratamentos.

Existen varios tipos de anestesia (xeral, local, rexional, sedación, etc.) que en moitas ocasións poden combinarse para mellorar o proceso.

O/a médico/a anestesiólogo/a é o profesional cualificado para realizar e indicar a técnica máis adecuada para cada paciente. Controlará e vixilará todo o procedemento e afrontará as complicacións que poidan xurdir ata o seu despertar e total recuperación.

QUE VAI PASAR?

Trala decisión do servizo cirúrxico ou do/a médico/a especialista que precisa a nosa intervención, solicitaralle unha interconsulta ao servizo de anestesia (unha cita ambulatoria na maioría das ocasións), así como a solicitude das probas preoperatorias necesarias en cada caso. Estas probas terán que realizarse uns días antes nos Centros de Saúde asignados, antes de acudir á cita da consulta de anestesia, onde serán valoradas polo/a anestesiólogo/a.

Segundo os protocolos vixentes algunhas intervencións non precisarán realizar as mencionadas probas preoperatorias.

QUE VAI PASAR EN QUIRÓFANO?

O máis habitual será que pouco tempo antes da intervención, se lle administre unha medicación indicada polo/a anestesiólogo/a e/ou cirurxián/a para que chegue ao quirófano tranquilo e en condicións de afrontar o procedemento.

Despois, normalmente precisará un goteiro para poñerlle a medicación e os soros. O proceso é rápido e pouco doloroso semellante á picada dunha análise.

Durante a intervención cirúrxica, por vía telemática, os seus acompañantes poderán ser informados, se vostede o desexa, da finalización da intervención e da súa chegada á Unidade de recuperación. **(Programa Lembra).**

CÓMO VOU ESPERTAR?

En xeral, trala intervención ou procedemento, precísase un período de recuperación na Sala de Espertar ou Reanimación, onde persoal médico e de enfermería especializado, atenderalle e vixilarán ata que se atope en condicións para volver á habitación.

Tamén será informado dos horarios de visita e condicionantes da Sala segundo o centro hospitalario.

EXISTE ALGÚN RISCO?

Toda intervención ten un risco no que podemos distinguir: o derivado do tipo de cirurxía ou procedemento (do cal será informado polo/a cirurxián/a), e o risco anestésico (do que será informado polo/a anestesiólogo/a).

A anestesia utilizada actualmente é moi segura. Con todo, polas súas condicións previas ou actuais e outros factores, dicimos que cada paciente presenta un risco diferente para un mesmo procedemento. Isto non debe preocuparlle demasiado, posto que o risco será valorado polo/a anestesiólogo/a na consulta e comentará con vostede os detalles do tipo de anestesia, efectos, duración, etc. así como o risco particular no seu caso.

PODO COLABORAR?

Sí, en todo momento a súa colaboración é fundamental, para iso detallámoslle unha serie de normas que debe cumprir rigorosamente (ao dorso).